



Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO SEÑOR
TOMÉ ROCA A QUE PRESENTE A SÚA DIMISIÓN
COMO CONCELLEIRO E ALCALDE DA CORPORACIÓN
MUNICIPAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado Pleno do mes de Decembro presentábase unha moción para debate e aprobación coa mesma propostas de acordos que plasmamos nesta mesma moción e que se pode resumir na renuncia do Alcalde Don José Tomé Roca o seu cargo como tal e como Concelleiro da Corporación Municipal.

Insistimos nesa necesidade, novamente, e sen descoidar o desenrolo normal deste Concello presentando outro tipo de iniciativas, polas últimas novas coñecidas en tornos as denuncias no canle interno do Partido Socialista, acusando o Alcalde de esta cidade de cometer un presunto delito de acoso sexual.



As novas que forzan a nosa idea de que o mellor para o futuro de Monforte e o desenrolo normal do que resta de mandato é a dimisión do Señor Alcalde, non é outra que a Querela da Fiscalía en contra do Señor Tomé, a cal en nota de prensa declaraba que os feitos denunciados posúen indicios fundados de criminalidade para exercer de forma inmediata a acción penal.

Respectando a presunción de inocencia do Alcalde e o seu dereito a un proceso xusto e con todas as garantías, pero tamén a presunción de veracidade da testemuña das presuntas vítimas, consideramos que o adecuado, por hixiene democrática, por responsabilidade institucional e polo futuro e imaxe actual do Concello de Monforte, o Alcalde debe dar un paso o lado e permitir o desenrolo normal da institución.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte propostas de acordos para o seu debate e aprobación no pleno da corporación municipal:

PRIMEIRO: Instar formal e publicamente ao alcalde do Concello de Monforte de Lemos, Don José Tomé Roca, a que presente a súa dimisión irrevogable e inmediata do seu cargo como alcalde, pola quebra da confianza política e da exemplaridade institucional xerada polas denuncias coñecidas; permitindo a apertura dun proceso que restaure a estabilidade e a honorabilidade institucional en Monforte de Lemos.

SEGUNDO: Reafirmar o compromiso desta corporación coa tolerancia cero fronte ao acoso e á violencia machista, e expresar o apoio e a solidariedade deste pleno a todas as presuntas vítimas.

En Monforte de Lemos a 18 de Marzo de 2026